



Esta fue una de las fotos de la exposición "Betanzos Onte", organizada por el Grupo Untia, y que fue clausurada ayer, después de haber sido visitada por numerosos brigantinos y por personas de toda la provincia

## Exposición fotográfica "Betanzos onte"

### O lavadeiro das Cascas

**P**ARA o estudo dos irmáns García Naveira e a súainxente obra social en Betanzos nas primeiras décadas do século XX, contamos dende fai pouco cun magnífico traballo de don Santiago de la Fuente aparecido na "Gran Enciclopedia Gallega" número 273. O traveso del podemos saber que a primeira fundación feita conxuntamente polos dous irmáns foi a do Lavadeiro das Cascas construído no 1901. Trátase dun edificio situado na marxe esquerda do río Mendo, entre as dúas pontes. Ten forma de prisma rectangular e ocupa unha superficie de 348 metros cuadrados. Segundo as cláusulas fundacionais é público e gratuito, tendo preferencia de uso as lavandeiras que con ese traballo ganan a vida.

Unha visita detida fainos ver

que arquitectónicamente ten unha gran importancia, pois constitúe un dos exemplos máis característicos en Betanzos da chamada arquitectura dos inxenieros, que consiste na utilización sistemática do cemento e do ferro. Esencialmente o ferro está aquí ben representado ó traveso dun sistema estrutural, formado, sobre todo, por columnas prefabricadas que permitieron cubrir un amplio espacio coa maior eficacia e rapidez.

Estamos nun edificio que representa, cun certo senso ecléctico, os principais cambios producidos, a nivel arquitectónico, na segunda mitade do século XIX e comenzaos do XX: 1) utilización do ferro prefabricado como elemento estrutural; 2) dende o punto de vista da estética xeral, é un edificio

historícola con sabor neoclásico; 3) a efectos ornamentais vese tamén a influencia do modernismo ou "art nouveau" nas decoracións vexetais que hai, por exemplo, nas portas de ferro e noutras partes.

O lavadeiro que se ve no primeiro plano, foi construído a instancias de don Xuan García Naveira no 1912 e, ainda que más sinxelo que o outro, tiña tamén columnas de ferro prefabricadas. No 1960 foi desmantelado, pois estaba en mal estado, ó parecer, e resultaba mais fácil destruílo. Ademais, a era dos electrodomésticos chegaba á nosa cidade xunto cun certo optimismo económico xeral.

Alfredo ERIAS